



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación da materia de canto.

curso 2020/2021

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



PROFESORAS: AIDA LÓPEZ CARRERA

DIANA SOMKHIEVA





Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	6
3.	Atención á diversidade.....	8
4.	Temas transversais.....	9
	4.1 Educación en valores.....	10
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	10
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	11
6.	Secuenciación do curso.....	11
	6.1 Curso: 1º a 6º de Grao Profesional.....	11
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	33
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	33
9.	ANEXOS.....	35
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	35
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	35
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	40





1. Introducción

- Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.





- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filharmonía de Galicia, cun nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte cunha programación musical estable, conta tamén cunha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004; é polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia





e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as, nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo cun nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., cunhas inquedanzas distintas e moitas veces cun interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos cun esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta cun campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

CONTEXTUALIZACIÓN COVID

A suspensión no pasado curso académico 2019/2020 das clases presenciais derivadas do Estado de Alarma decretado polo Goberno de España para afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo Covid-19, fixo que o desenvolvemento do terceiro trimestre tivese lugar nun marco de flexibilidade respecto aos obxectivos e aos contidos previstos na programación didáctica. Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, incorpóranse na





programación do presente curso medidas que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional do curso 2019-2020 dificultou.

Actividade non presencial: Cando por motivos de seguridade non se puidese asistir presencialmente as clases o seguimento do alumnado realizarase polos medios telemáticos que o profesorado considere máis adecuado a esta materia.

2. Metodoloxía

A metodoloxía seguida tratará de dotar ao alumno, na medida do posible, de criterios propios na valoración dos seus progresos. Unha educación baseada na colaboración mutua no permanente diálogo entre profesor e alumno, na que o alumno poida tomar unha posición activa e responsable, dende o principio, non só como discente, senón como persoa que pode ter as súas propias opinións sobre o proceso de aprendizaxe que desenvolve.

A nosa meta será conseguir que o alumno goce coa súa propia voz. Dende o comezo da súa aprendizaxe trataremos de inculcar o sentido da relatividade e da temporalidade na visión/análise do son vocal producido. Deberá desenvolver actitudes como a paciencia, así como a inquietude e vontade de saber máis. Se graduará polo tanto a dificultade do repertorio en función do nivel do alumno e sostida nos principios metodolóxicos suxeridos no decreto 203/2007, do 27 de setembro, que nos enmarca, levarase a cabo unha educación personalizada, dirixida á persoa, como ser individual, coas súas dificultades e peculiaridades particulares. Flexible, co fin de adaptarse a devandita particularidade, considerando o momento concreto en canto a madurez emocional e intelectual así como musical e artística. Así mesmo, o encadre pedagóxico estará sometido en todo momento as leis do aprendizaxe máis fundamentais para un bo aproveitamento das clases. Partirase do concepto do profesorguía, que aporte as súas observacións e análises cualificados, así como solucións concretas a problemas e dificultades concretas, pero dende a achega e non dende a imposición dos propios criterios. Trátase de acompañar e orientar o proceso, corresponsablemente cun alumno adulto que deberá incrementar paulatinamente o seu grao de receptividade. E a súa





capacidade de resposta aos problemas técnico-interpretativos que se lle presenten. O profesor aportará recursos e técnicas ao alumno, pero será este último quen deba practicalas, adaptalas a si mesmo e adestradas, e tamén, por que non, perfeccionalas e amplialas se fose posible.

Por tratarse dunha carreira artística, estimularanse no alumno a súa creatividade e a súa autonomía, considerando así mesmo, que os alumnos de canto son persoas adultas, normalmente maiores de 17 anos. Por iso a as posibilidades ao seu alcance nun breve prazo de tempo.

Ao comezo de cada ano académico, realizaremos unha avaliación-diagnóstica completa que permita orientar o traballo con cada alumno e da que lle faremos partícipe, nela teremos en conta os aspectos e as áreas de primordial interese. Fomentaremos no alumno o desenvolvemento dunha actitude de investigación persoal para lograr a máxima beleza do seu son vocal na execución das súas obras, aplicando criterios estéticos fundamentados nunha cultura artística e musical adecuadas. Tamén trataremos de colaborar dende os comezos á expresión emocional do alumno, axudando a canalizar a súa emoción e conectala coas sensacións corporais e a técnica vocal aplicada.

En clases individuais dunha hora semanal de canto, os alumnos farán exercicios específicos de técnica vocal (que incluírán técnica respiratoria e corporal ademais de emisión), así como interpretación das obras indicadas polo profesor. Estas traballaranse dende os diversos puntos de vista:

1-Técnica vocal

2-Musical e Estilístico

3-Idioma

4-Interpretativo-Dramático





3. Atención á diversidade

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Debemos considerar a atención á diversidade como aquelas actuacións, medidas ou programas destinados a dar unha resposta adecuada a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o logro dos obxectivos previstos.

Enfocaremos a atención á diversidade partindo dende o análises da heteroxeneidade do alumnado , no que atoparemos diferenzas individuais en canto a intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe , coñecementos previos... Debido a isto cobra especial importancia a avaliación inicial que realizaremos ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno/a, tendo en conta os informes individuais do curso anterior coa finalidade de detectar as carencias e necesidades particulares do alumnado e identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas; igualmente destacable é a coordinación dentro do departamento entre os profesores que imparten esta mesma materia.

No caso de non detectar necesidades específicas de apoio educativo , as medidas de atención a diversidade non significativas serán as seguintes:

. Medidas de carácter xeral:

Selección do repertorio atendendo a criterios socioculturais (necesidades, intereses, motivacións, posibilidades...).

Establecemento de medidas de reforzo e ampliación prestando atención aos diferente ritmos de aprendizaxe do alumnado.

. Medidas personalizadas:

Alumnado coa materia pendente do curso anterior : Maior atención a posibles necesidades do/a alumno/a .

Exentos da práctica instrumental de forma temporal (enfermidade, lesión ou outras causas debidamente xustificadas): No caso de alumnos/as que por causa prolongada non poidan participar nun porcentaxe superior al 50% das sesións , deberán realizar un exame final cas





mesmas características que o indicado para o alumnado que perdera o dereito á avaliación continua.

Se se detectaran necesidades específicas de apoio educativo , as medidas de atención a diversidade significativas reflectiranse nunha adaptación curricular personalizada tendo en conta a opinión dos membros do departamento e que poderá seguir diferentes estratexias coma:

- Variación da metodoloxía.
- Adaptación do material didáctico (repertorio).
- Proposta de actividades complementarias e de apoio e cunha dificultade acorde a cada alumno/a .
- Maior flexibilidade en canto ao ritmo de traballo.

4. Temas transversais

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS OU ESPECÍFICAS E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

La LOE, define as necesidades educativas especiais no artigo 73 da Sección Primeira do Título II. No punto 8 do artigo preliminar, expón que as ensinanzas artísticas adaptaranse aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. Dita adaptación garantizará o acceso, a permanencia e a progresión de este alumnado no sistema educativo.

As Administracións Educativas adoptarán as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades dos alumnos con minusvalías. En todo caso ditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no presente decreto.





4.1 Educación en valores

Cando falamos de transversalidade nos referimos aos seguintes:

Educación moral e para a convivencia.

Educación para a paz.

Educación para a igualdade: Educación Plural.

Educación para a saúde.

Educación cívica e vial.

Educación para o consumo.

Educación medioambiental

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

Na clase é necesario escoitar diferentes versións do repertorio que o/a alumno/a está

Traballando, tamén é necesario o uso de aplicacións informáticas como o metrónomo.

Utilizaranse materiais audiovisuais, tanto vídeos coma audios, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clases .

Así mesmo, se se estima convinte , achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poda complementalos, poderase recomendar a escoita de gravacións polos medios dos que se dispoña (spotify, youtube...) e tamén poderase facer uso do unha aula virtual da materia , a criterio do profesor.





Non se permitirá a gravación en vídeo e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e do alumnado implicado, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

O profesorado pode facer uso do formato dixital para rexistrar as anotacións das sesións de clase nos cadernos de aula do alumnado mediante un ordenador ou tableta .

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Será de particular interese a asistencia dos alumnos a concertos-recitais online , para iso tratarase de promovelos mediante a información dos máis interesantes.

Tamén se informará de cursos de perfeccionamento, relacionados coa especialidade, seminarios, conferencias, etc. Debido á situación sanitaria por mor da Covid 19, serían online

Neste curso todas estas actividades se adaptarán ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación do Covid19.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º a 6º de Grao Profesional

6.1.1 Obxectivos

1ºG.P

1. Demostrar un control suficiente do aire mediante a respiración intercostal-diafragmática-abdominal, que posibilite unha correcta emisión, afinación e articulación da voz.





2. Empregar a fonética adecuada en relación co idioma cantado e unha dicción que faga intelixible o texto (italiano, galego e castelán)
3. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

2º G. P

1. Demostrar o control suficiente do aire mediante o uso da respiración costo-diafragmática-abdominal. Traballar o apoio diafragmático abdominal na expiración sonora, que posibilite unha correcta emisión, afinación e articulación da voz.
2. Empregar a fonética adecuada en relación co idioma cantado e unha dicción que faga intelixible o texto (galego, castelán e italiano).
3. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
4. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.
5. Interpretar obras en galego, castelán e italiano.
6. Adquirir hábitos de hixiene vocal.

3º G. P

1. Demostrar un control suficiente do aire, mediante o correcto emprego da técnica respiratoria para o logro dunha emisión, afinación e articulación correcta da voz
2. Demostrar a adquisición dos hábitos de hixiene e coidado, necesarios do instrumento vocal, para así evitar lesións a medio e longo prazo.





3. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diversas épocas, estilos, dunha dificultade adecuada ao nivel do alumno.
4. Empregar a fonética adecuada do alemán e coidar unha dicción que faga intelixible o texto.
5. Desenvolver o hábito de escoitar música co fin de adquirir cultura musical e establecer un concepto estético que permita ao alumno fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
6. Coñecer recursos para o manexo das dificultades / trabas de orixe psicolóxica que interfiran na correcta integración dos coñecementos técnicos.

4º G. P

1. Coñecer as características e posibilidades da propia voz, (extensión, timbre, flexibilidade, calidades expresivas, etc.), e saber utilizalas correctamente na interpretación
2. Afondar no repertorio vocal alemán: lied, singspiel.
3. Promover a asistencia a concertos e recitais en directo, que se organicen dentro e fora do conservatorio.
4. Promover o uso de técnicas de manexo e control do estrés, e do medo escénico.
5. Tomar conciencia de tics, vicios posturales empregados no acto de cantar.
6. Empregar a fonética adecuada do alemán cunha dicción que faga intelixible o texto.

No caso de docencia non presencial non se traballará o punto 3

5º G .P



1. Dominar a fonética da lingua francesa, e o uso dunha dicción correcta que posibilite a intelixibilidade do texto.
2. Progresar no estudo de todos os aspectos importantes (musicais, vocais, literarios, estilísticos, escénicos, etc.) para o logro dunha interpretación adecuada das obras musicais.
3. Vencer o medo escénico.

6º G .P

1. Dominar a fonética da lingua francesa, e o uso dunha dicción correcta que posibilite a intelixibilidade do texto.
2. Adquirir destreza na lectura e estudo das partituras, e dominar o uso da terminoloxía vocal, favorecedora da comunicación cos demais.
3. Afondar no repertorio vocal inglés e francés e ampliar os estilos de adquirir hábitos de improvisación vocal que favorezan a utilización e recreación dos adornos dos dintintos estilos.
4. Afondar no estudo de todos os aspectos importantes (musicais, vocais, literarios, estilísticos, escénicos, etc.) para o logro dunha interpretación adecuada das obras musicais

6.1.2 Contidos

1º G. P

1. Estudo da respiración.
2. Vocalizacións.
3. Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias.





4. Interpretación de obras acordes con cada voz, de menor a maior dificultade a medida que vaia conseguindo o dominio técnico-vocal.
5. Estudo do repertorio propio do patrimonio galego.
6. Adestramento permanente e progresivo da memoria

REPERTORIO

Tres arias antigas italianas.

Tres cancións de concerto españolas.

Tres cancións de concerto galegas.

2ºG.P

1. Estudo da respiración (aparello respiratorio).
2. Vocalizacións.
3. Desenvolvemento gradual da duración dunha nota tida sobre unha soa respiración para a consecución do máximo fiato.
4. Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias (aparello resoador e fonador).
5. Interpretación de obras acordes con cada voz de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico vocal.
6. Adquisición de hábitos de hixiene vocal
7. Estudo do repertorio propio do patrimonio galego.
8. Adestramento permanente e progresivo da memoria.





REPERTORIO

Tres arias antigas italianas.

Tres cancións de concerto españolas, sendo al menos unha en galego

Tres cancións de concerto latinoamericanas.

3ºG.P

Vocalizacións.

1. Traballo da intensidade e gradación do son vocal.
2. Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz.
3. Exercitación auditiva do timbre da propia voz e procura de distintas cores vocais.
4. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
5. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
6. Practica de conxunto.

No caso de docencia non presencial non se traballará o punto 6

REPERTORIO

Tres arias ou dúos de ópera.

Tres arias ou dúos de cantata ou oratorio

Tres romanzas ou dúos de zarzuela.

Tres lieder e tres cancións de concerto iberoamericanas





4º G.P

1. Vocalizacións.
2. Traballo da intensidade e gradación do son vocal.
3. Práctica de extensión gradual cara aos extremos da voz.
4. Práctica da lectura á vista.
5. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
6. Práctica de conxunto.
7. Técnicas para superar o medo escénico.

No caso de docencia non presencial non se traballará o punto 6

REPERTORIO

Tres arias ou dúos de ópera.

Tres lieder.

Tres arias ou dúos de cantatas ou oratorios.

Tres romanzas ou dúos de zarzuela.

Tres cancións de concerto iberoamericanas.

5º G. P

1. Técnicas para superar o medo escénico.
2. Traballo escénico das obras.





3.Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.

4. Iniciación a interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas graffas e efectos.

REPERTORIO

Tres arias ou dúos de ópera.

Tres cancións de concerto francesas.

Tres lieder.

Tres romanzas ou dúos de zarzuela.

Tres arias ou dúos de oratorio ou cantata.

Dúas cancións de concerto españolas.

Unha canción de concerto latinoamericana.

6º G.P

1. Traballo escénico e dramatúrxico das obras.

2. Interpretación escenificada das obras.

3.Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.

REPERTORIO

Tres arias ou dúos de ópera

Tres arias ou dúos de oratorio ou cantata.





Tres romanzas ou dúos de zarzuela.

Tres lieder.

Tres cancións de concerto francesas.

Dúas cancións de concerto españolas sendo una delas en galego.

Unha canción de concerto latinoamericana.

No caso de docencia non presencial traballarase o repertorio mínimo esixible en tódolos cursos así como os contidos mínimos.

6.1.3 Avaliación

A avaliación é un proceso que abarca toda a actividade de ensinanza-aprendizaxe e implica a todos os elementos da acción educativa, dende o alumno ata o contexto educativo. Enfócase dende tres dimensións:

Avaliación inicial: con carácter diagnóstico. Permitiranos coñecer os coñecementos previos do alumno, seus enfoques e as súas metas de aprendizaxe, ás súas necesidades, características e posibilidades.

Avaliación continua: é a máis importante. Permitiranos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, posibilitando a progresiva e continua adecuación as dificultades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.

Avaliación final o de resultados: é un modelo tradicional para avaliar o rendemento dos alumnos. Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais. Non debe ser o único medio de avaliación, pero serviranos como referente para medir os avances dos alumnos.





Criterios de avaliación

1º G.P

- 1.Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal. 20%
- 2.Demostrar o dominio adquirido na execución das vocalizacións, estudos e obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.20%
- 3.Interpretar de memoria obras en galego, castelán e italiano cunha correcta fonética.60%

2º G.P

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal. 20%
- 2.Demostrar o dominio adquirido na execución das vocalizacións, estudos e obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.20%
3. Interpretar de memoria obras en italiano, galego e castelán, cunha correcta fonética . 60%

3º G.P

1. Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.20%
2. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.20%
3. Interpretar de memoria obras en alemán cunha dicción e fonética correctas.30%





4. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.30%

4º G.P

1. Interpretar de memoria obras das distintas épocas e estilos como solista.20%
- 2.Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.20%
3. Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.20%
5. Interpretar obras en alemán cunha correcta dicción e fonética.40%

5º G.P

1. Interpretar de memoria obras en francés cunha correcta fonética e dicción. 30%
- 2.Demostrar o dominio na execución de obras de memoria sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. 30%
- 3.Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. 20%
- 4.Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. 20%

6º G.P

- 1.Demostrar dominio no uso do esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución vocal. 5%





2. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da voz. 5%
3. Demostrar dominio na execución das obras, mediante a integración dos aspectos técnicos e musicais. 10%
4. Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio. 5%
5. Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. 5%
6. Demostrara dominio e control do medo escénico. 10%
7. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. 10%
8. Interpretar en clase un programa de memoria que inclúa os diferentes estilos do repertorio solista vocal instrumental, utilizando os diferentes idiomas estudados (italiano, alemán, francés e inglés) e cunha correcta fonética e dicción. 50%

Neste curso non se valorarán as actuacións con público, no seu lugar valorarase o traballo na clase e no caso de docencia non presencial o alumnado poderá facer gravacións.

Mínimos esixibles

Os contidos mínimos esixibles levaranse á practica a través do repertorio mínimo esixible dividido por trimestres, deste feito avaliarase a obra que corresponda en dependencia do trimestre aplicando nela os aspectos técnicos.

1º G.P

Estudo da respiración (aparello respiratorio)

Vocalizacións.





Interpretación de obras acordes con cada voz, de menor a maior dificultade, a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico vocal.

REPERTORIO MINIMO ESIXIBLE

Unha aria antiga italiana. (Primeiro trimestre)

Unha canción de concerto española. (Segundo trimestre)

Unha canción de concerto galega. (Terceiro trimestre)

2º G.P

Estudo da respiración (aparello respiratorio).

Vocalizacións.

Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias (aparello resoador e fonador).

Interpretación de obras acordes con cada voz de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico vocal.

REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE

Unha aria antiga italiana. (Primeiro trimestre)

Unha canción de concerto española. (Segundo trimestre)

Unha canción de concerto latinoamericana. (Terceiro trimestre)

3º G.P

Vocalizacións.





Traballo da intensidade e gradación do son vocal.

Práctica de extensión gradual cara aos extremos da voz.

REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE

Unha aria ou dúo de ópera. (Primeiro trimestre)

Unha romanza ou dúo de zarzuela. (Segundo trimestre)

Unha aria ou dúo de cantata ou oratorio.(Terceiro trimestre)

4º G.P

Vocalizacións.

Traballo da intensidade e gradación do son vocal.

Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz.

Técnicas para superar o medo escénico

REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE

Unha aria ou dúo de ópera. (Primeiro trimestre)

Unha romanza ou dúo de zarzuela. (Segundo trimestre)

Unha aria ou dúo de cantata ou oratorio. (terceiro Trimestre)

5º G.P

Técnicas para superar o medo escénico.

Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.

Traballo escénico das obras.

REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE





Unha aria ou dúo de ópera. (Primeiro trimestre)

Unha romanza ou dúo de zarzuela. (Segundo trimestre)

Unha aria ou dúo de cantata ou oratorio. (Terceiro Trimestre)

6º G.P

Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.

Traballo escénico e dramatúrxico das obras.

REPERTORIO MINIMO ESIXIBLE

Unha aria ou dúo de ópera(Primeiro Trimestre)

Unha aria ou dúo de oratorio ou cantata.(Primeiro trimestre)

Unha romanza ou dúo de zarzuela. (Segundo trimestre)

Un lied. (Segundo Trimestre)

Unha canción de concerto francesa. (Terceiro trimestre)

Dúas cancións de concerto iberoamericanas.(Terceiro trimestre)

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación é un proceso que abarca toda a actividade de ensinanza-aprendizaxe e implica a todos os elementos da acción educativa, dende o alumno ata o contexto educativo. Enfócase dende tres dimensións:

Avaliación inicial: con carácter diagnóstico. Permitiranos coñecer os coñecementos previos do alumno, seus enfoques e as súas metas de aprendizaxe, ás súas necesidades, características e posibilidades. Os problemas técnicos do alumnado atenderanse nas horas de reforzo destinadas para este fin





Avaliación continua: é a máis importante. Permitiranos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, posibilitando a progresiva e continua adecuación as dificultades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.

Avaliación final o de resultados: é un modelo tradicional para avaliar o rendemento dos alumnos. Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais. Non debe ser o único medio de avaliación, pero serviranos como referente para medir os avances dos alumnos.

Ferramentas de avaliación

- Observación sistemática.
- Observación externa.
- Traballo na clase.
- Debido á situación sanitaria por mor da covid 19 neste curso non realizaremos concertos nin audicións no seu lugar o traballo da clase servirá para a avaliación do alumnado

Neste curso anúlense todas as audicións e concertos por mor do covid 19

Criterios de cualificación

1º G.P

- 1.** Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal. 20%
- 2.** Demostrar o dominio adquirido na execución das vocalizacións, estudos e obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos. 20%





3. Interpretar de memoria obras en galego, castelán e italiano cunha correcta fonética. 60%

2º G.P

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal. 20%
2. Demostrar o dominio adquirido na execución das vocalizacións, estudos e obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos. 20%
3. Interpretar de memoria obras en italiano, galego e castelán, cunha correcta fonética . 60%

3º G.P

1. Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. 20%
2. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. 20%
3. Interpretar de memoria obras en alemán cunha dicción e fonética correctas. 30%
4. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. 30%

4º G.P

1. Interpretar de memoria obras das distintas épocas e estilos como solista. 20%
2. Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio. 20%





3. Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.20%

4. Interpretar de memoria obras en alemán cunha correcta dicción e fonética.40%

5º G.P

1. Interpretar de memoria obras en francés cunha correcta fonética e dicción. 30%

2.Demostrar o dominio na execución de obras de memoria sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. 30%

3.Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. 20%

4.Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. 20%

6º G.P

1.Demostrar dominio no uso do esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución vocal. 5%

2. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da voz. 5%

3.Demostrar dominio na execución das obras, mediante a integración dos aspectos técnicos e musicais. 10%

4.Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.5%

5. Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. 5%





6. Demostrara dominio e control do medo escénico. 10%
7. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. 10%
8. Interpretar en clase un programa de memoria que inclúa os diferentes estilos do repertorio solista vocal instrumental, utilizando os diferentes idiomas estudados (italiano, alemán, francés e inglés) e cunha correcta fonética e dicción. 50%

Neste curso non se valorarán as actuacións con público, no seu lugar valorarase o traballo na clase e no caso de docencia non presencial o alumnado poderá facer gravacións.

Cráterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web)

Cráterios para a ampliación de matrícula:

Para a concesión de ampliación de matrícula, o profesor da asignatura realizará unha proba de interpretación dun repertorio na que o/a alumno/a deberá demostrar un dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia. A proba consistirá en interpretar un repertorio elixido polo titor, os contidos, cráterios de avaliación e cualificación serán os correspondentes ás probas de setembro. A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir de 5 a cualificación é positiva.

6.1.4 Medidas de recuperación

- Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de





exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación alomenos.

- Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna non deberá ser superior ao 50 % das sesións de clase do trimestre.
- A proba consistirá en interpretar o repertorio mínimo esixible correspondente ao curso no que está o/a Alumno/a.

Procedementos de recuperación ordinarios

. Avaliación de materias pendentes

O alumnado que teña pendente de aprobar a materia do curso anterior ó que estea matriculado terá dereito de asistir ás clases da materia pendente. A avaliación será continua e cos mesmos parámetros e características que a avaliación ordinaria

Probas extraordinarias de setembro

O procedemento será unha proba no mes de setembro onde o/a alumno/a interpretará polo menos o repertorio mínimo esixible . O/A alumno/a deberá aportar un pianista acompañante e un partenaire no caso de que fose necesario.

Criterios de cualificación

1º G.P

- 1.Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal. 40%
- 2.Interpretar de memoria obras en italiano, galego e castelán correcta fonética e integrando os aspectos musicais - estéticos e técnicos . 60%.





2º G.P

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal. 40%
2. Interpretar de memoria obras en italiano, galego e castelán, cunha correcta fonética e integrando os aspectos musicais- estéticos . 60%

3º G.P

1. Interpretar de memoria unha obra en alemán cunha dicción e fonética correctas.40%
2. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente e sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.60%

4º G.P

1. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente e sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. 60%
2. Interpretar de memoria unha obra en alemán cunha correcta dicción e fonética.40%

5º G.P

1. Interpretar de memoria unha obra en francés cunha correcta fonética e dicción. 30%
2. Demostrar o dominio na execución de obras de memoria sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.50%
3. Demostrar dominio e control do medo escénico. 20%

6º G.P

1. Demostrar dominio na execución das obras, mediante a integración dos aspectos técnicos e musicais. 30%





2. Interpretar un programa de memoria que inclúa os diferentes estilos do repertorio solista vocal instrumental, utilizando os diferentes idiomas estudados (italiano, alemán, francés e inglés) e cunha correcta fonética e dicción. 50%
3. Demostrar dominio e control do medo escénico. 20%

6.1.5 Recursos didácticos

Audicións comentadas para a escoita comparada de diversas versións e análise crítica dos diferentes aspectos.

Realizaranse tamén gravacións en audio e vídeo, das súas clases para comprobar a súa evolución, ademais de favorecer así a integración das sensacións internas co son real escoitado dende fora. Uso do espello.

Actividade de exploración vocal: Relaxación, disociación dos diferentes músculos e articulacións que afecten a calidade sonora. Lectura de textos de anatomía e fisioloxía vocal e sobre o uso do corpo.

Neste curso anúlanse as audicións públicas polo que se valorará o traballo realizado na clase

RECURSOS MATERIAIS

Aula espazosa e ben ventilada

Piano, espello que reflecta o corpo enteiro, armario para gardar material

Mesa con caixóns





Partituras e métodos de canto

Equipo de imaxe e son: Gravador, reprodutor CD, CDs. de música. Cámara de vídeo. Cintas virxes de vídeo. Televisión e vídeo. Ordenador

Diccionarios de idiomas e Bibliografía especializada con acceso na Biblioteca.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento e avaliación da programación didáctica será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento que serán al menos unha vez ao mes, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda , a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso , as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A materia de canto está abscrita ao Departamento de Canto, polo que as profesoras que imparten esta materia participarán na avaliación deste departamento. Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados . Na memoria final do Departamento de Canto farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.





Neste proceso tamén se terá en conta a análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles aportacións que surxiran nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica , ou do reto do profesorado do centro





9. ANEXOS

.....

9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Interpretación de tres obras de diferentes estilos, elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será do repertorio lírico.

Contidos

Repertorio orientativo:

Arias antigas italianas arranxadas por Parisotti.

Criterios de avaliación e cualificación

Demostrar aptitudes vocais para o canto: Aparato fonador sano, cualidades do sonido óptimas para poder estudar canto (altura , timbre e intensidade). 50%

Demostrar aptitudes musicais: Capacidade de afinación, fraseo e gusto musical. 25%

Demostrar una correcta actitude ante o público que neste caso é o tribunal. 25%

9.2 Probas de acceso a outros cursos

Contidos

2º G.P

Unha aria antiga italiana.

Dúas cancións españolas de concerto, sendo obrigatorio unha delas en galego.





Repertorio orientativo:

Arias antigas italianas arranxadas por Parisotti

Cancións españolas de Lorca, Obradors, Granados, Falla, Groba, Juan Montes, Gaos, Baldomir...

3º G.P

Unha aria antiga italiana

Unha canción de concerto española en calquera das linguas do estado.

Unha canción de concerto latinoamericana.

Repertorio orientativo:

Arias antigas arranxadas por Parisotti.

Cancións españolas de concerto de Lorca, Obradors, Falla, Montsalvage, Granados, Halffter, Rodrigo, Groba, Montes, Gaos, Baldomir, etc.

Cancións latinoamericanas de concerto de Guastavino, Ginastera, Lecuona, Gisela Hernández, Roig, etc.

4º G.P

Unha aria ou dúo de ópera

Unha aria ou dúo de cantata u oratorio

Unha romanza ou dúo de zarzuela

Repertorio orientativo:

Óperas de Mozart

Cantatas u oratorios de Buxtehude, Vivaldi, Pergolesi, etc.





Zarzuelas de Vives, Sorozábal, Guridi, Barbieri, Serrano, Bretón, etc.

5º G.P

Unha aria ou dúo de ópera.

Unha aria ou dúo de cantata ou oratorio.

Unha romanza ou dúo de zarzuela.

Repertorio orientativo:

Óperas de Mozart, Rossini, Bellini, Donizetti, Verdi, etc.

Zarzuelas de Vives, Sorozabal, Guridi, Serrano, etc.

Cantatas ou oratorios de Haendel, Vivaldi, Bach, Pergolesi, Carissimi, etc.

6º G.P

Unha aria ou dúo de ópera.

Unha romanza ou dúo de zarzuela

Unha aria ou dúo de cantata ou oratorio

Repertorio orientativo

Óperas de Bellini, Rossini, Donizetti, Verdi, Puccini, Britten, Purcell, Menotti, Gershwin, Bizet, Gluck, etc.

Zarzuelas de sorozabal, Guridi, Serrano, Vives, etc.

Cantatas ou oratorios de Bach, Haendel, Vivaldi, Pergolesi, Carissimi, etc

Criterios de avaliación e cualificación

2º G.P



Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación, adecuados ás esixencias da execución vocal.20%

Demostrar o dominio adquirido na execución das obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.20%

Interpretar obras en galego, castelán e italiano cunha correcta fonética.20%

Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.40%

3º G.P

Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal.20%

Demostrar o dominio adquirido na execución de obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.20%

Interpretar obras en galego, castelán e italiano cunha correcta fonética.20%

Demostrar coñecemento do texto cantado en italiano.20%

Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.20%

4º G.P

Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.20%

Presentar un programa de acordo ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.20%





Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.20%

Interpretar obras en italiano e alemán cunha dicción e fonética correctas.20%

Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes.20%

5º G.P

Interpretar obras das distintas épocas e estilos.20%

Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.30%

Interpretar obras en alemán e italiano cunha dicción e fonética correctas.20%

Demostrar dominio na interpretación das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.30%

6º G.P

Interpretar obras en francés cunha correcta fonética e dicción.20%

Demostrar dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.20%

Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.40%

Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permite o texto musical.20%

NOTAS SOBRE AS PROBAS





O alumno debe aportar o pianista acompañante e debe entregar ao tribunal una lista das obras e copia das partituras que vaia a interpretar.

A interpretación será no idioma orixinal, e como mínimo unha das obras deberá interpretarse de memoria, agás na proba de acceso ao primeiro curso que poderán ser lidas.

Nos números de conxunto o alumno debe aportar os correspondentes “partenair”

9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de Matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- 1- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- 2- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódese consultar no centro ou na súa páxina web.

Procedemento no caso de clase non presencial

De ser o caso e ter que realizar as clases de xeito non presencial, vía telemática, os obxectivos serán os mesmos, os contidos e repertorio serán os correspondentes aos mínimos esixibles; os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos.

Tentarase que as videoconferencias se realicen dende un ordenador ou tablet cunha correcta conexión a internet e non dende un teléfono móbil.

As ferramentas de avaliación serán polo tanto as videoconferencias e grabacións. Levarase rexistro das mesmas no caderno de aula.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

oCMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro